XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Portos de Galicia

CÉDULA DO 8 DE OUTUBRO DE 2018 POLA QUE SE ANUNCIA INICIO DE PROCEDEMENTO PARA O ALLEAMENTO MEDIANTE POXA PÚBLICA DO BUQUE EROS DOS DECLARADO EN SITUACIÓN DE ABANDONO.

De conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e en aplicación da resolución emitida pola Presidencia de Portos de Galicia o 8 de outubro de 2018, se anuncia mediante a publicación no Diario Oficial de Galicia e na páxina WEB www.portosdegalicia.gal apartado de "DOCUMENTOS E AVISOS - ALLEAMENTO DE EMBARCACIÓNS" o inicio de procedemento para o alleamento mediante poxa pública do buque Eros Dos.

1. Obxecto da poxa: Alleamento do buque Eros Dos (antigo Furabolos), de bandeira panameña, e número IMO 8604668.
A descrición técnica en detalle e a taxación do buque se recollen en informe de valoración que pode ser consultado na páxina WEB www.portosdegalicia.gal apartado de "DOCUMENTOS E AVISOS - ALLEAMENTO DE EMBARCACIÓNS"., ou solicitado no Departamento de Secretaría Xeral e Asesoría Xurídica de Portos de Galicia (tfno. 981 54 53 29)

2. Prezo base de licitación: O prezo base de saída a ofertar a alza para cada unha das poxas previstas é o seguinte:
2.1.- Prezo base de licitación da primeira poxa: VINTE E NOVE MIL CENTO TRINTA (29.130) euros.

2.2.- Prezo base de licitación da segunda poxa: VINTE E CATRO MIL SETECENTOS SESENTA (24.760) euros.

2.3.- Prezo base de licitación da terceira poxa: VINTE E UN MIL CORENTA E SEIS (21.046) euros.

3. Poxas sucesivas: No caso de que non resulte adxudicado o buque na primeira poxa, se celebrarán sucesivamente e sen solución de continuidade ata dúas poxas mais.

4.- Garantía Provisional esixida: O licitador estará obrigado a constituír e presentar ante Portos de Galicia, unha garantía cun importe equivalente ao 20 por cento do prezo base de licitación previsto para a primeira poxa, constituída exclusivamente baixo calquera das formas admitidas no prego de condicións regulador da poxa.

5. Exposición do buque: O buque obxecto da poxa se atopa atracado no peirao T-1 do porto de Ribeira. A inspección e visita do buque axustarase ao disposto no prego de condicións regulador da poxa.

6. Prazo de presentación de proposicións: Ata as 14:00 horas do día 12 de novembro de 2018.

7. Lugar de presentación de proposicións: A documentación será presentada no Rexistro Xeral dos Servizos Centrais de Portos de Galicia sitos na Praza de Europa, 5A, 6º, 15707 de Santiago de Compostela, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas, por algún dos medios indicados no prego de condicións regulador da poxa. A forma de presentar as proposicións e o seu contido será o indicado no prego de condicións regulador da poxa.

8. Acto público de apertura de proposicións económicas: Ás 11:00 horas do día 26 de novembro de 2018 na Sala de Xuntas dos Servizos Centrais de Portos de Galicia.

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

9. Gastos dos anuncios: Serán por conta exclusiva do adxudicatario.

10. Documentación: O Prego de condicións que rexerá na poxa poderá obterse tanto no Departamento de Secretaría Xeral e Asesoría Xurídica de Portos de Galicia (tfno. 981 54 53 29) como na páxina WEB www.portosdegalicia.gal apartado de "DOCUMENTOS E AVISOS - ALLEAMENTO DE EMBARCACIÓNS"

Santiago de Compostela, a 8 de outubro de 2018.
O Presidente.
José Juan Durán Hermida.